


2021

CONVOCATORIA

RESIDENCIAS

IN SITU

DE ARTES VIVAS



As **residencias In situ de artes vivas** na Fundación DIDAC teñen como obxectivo principal xerar un **espazo de intercambio cultural, de pensamento, e de creación artística** no marco dos obxectivos propostos polo programa Ano Santo Xacobeo 21·22.

A visión dos camiños de Santiago como espazos de tránsito de ideas e formulación de propostas artísticas que durante séculos nesas conexións deron como resultado algunhas das máis relevantes pezas artísticas, literarias ou arquitectónicas que hoxe conforman gran parte do noso patrimonio máis prezado, encaixa totalmente cos obxectivos da Fundación DIDAC de facilitar o intercambio creativo e funcionar como institución que axude a tender pontes entre territorios, espazos de creación e institucións galegas, nacionais e internacionais.

A adxudicación das **tres residencias** previstas dentro do programa terá lugar a través dunha convocatoria aberta. O concurso In situ de residencias de artes vivas na Fundación DIDAC, quere establecerse como un concurso dirixido a artistas de todos os eidos creativos que traballen no marco das artes vivas.

O concurso formularase como un procedemento de **concorrenza aberta** ao que poderán presentarse as e os artistas que residan en **España ou Portugal** e que envíen un proxecto que teña como base a **reflexión sobre os camiños de Santiago** como espazos de intercambio cultural e creativo, prestando especial atención a aqueles proxectos que traballen aspectos relacionados co patrimonio artístico e natural dos camiños de Santiago e á difusión de experiencias que fomenten o diálogo artístico e intercultural.

As propostas resultantes das **residencias In situ** serán producidas pola Fundación DIDAC e presentadas no marco das actividades **do Xacobeo** dentro da programación da Fundación DIDAC. A Fundación DIDAC comprométese tamén a viabilizar a inclusión da presentación dos proxectos dentro do marco de festivais e propostas para poder darlle máis relevancia e visibilidade as propostas.

A modalidade de concurso para a adxudicación das residencias permite a difusión fóra das nosas fronteiras da potencia dos camiños de Santiago como xeradores de cultura.

O concurso In situ está destinado a **residencias de artes vivas**, polo que o carácter procesual dos proxectos que se desenvolverán ao seu abeiro é determinante para a xeración de contidos susceptibles de presentación pública e garantindo un carácter participativo e aberto das obras.

En consonancia cos obxectivos da Fundación DIDAC e do programa do Ano Santo Xacobeo 21·22 o comité de selección de proxectos terá en conta á hora da avaliación:

- . Que os proxectos escollidos estean en consonancia cos obxectivos do programa Ano Santo Xacobeo 21·22.
- . Que exista equilibrio de xénero entre os autores dos proxectos gañadores.
- . Que as actividades para a cidadanía propostas en cada proxecto teñan en conta criterios participativos.
- . Que os proxectos sexan sustentables tanto no seu desenvolvemento, como na súa realización final.

Todo o acontecido será difundido a través das redes sociais e da páxina web da Fundación DIDAC así como a través de notas de prensa a medios locais, rexionais e nacionais. A páxina web de DIDAC recollerá material gráfico das residencias dende a posta en marcha da actividade coa publicación da convocatoria e as bases da mesma.

Durante a fase de residencia a Fundación e os candidatos realizarán un seguimento gráfico da actividade que faga posible unha conexión cos futuros públicos. Na fase de presentación dos proxectos realizados realizarase difusión en medios de prensa xerais e especializados e contarase co apoio das institucións participantes.

Os/as artistas seleccionados/as comprométese a **residir en Santiago de Compostela** ou o espazo destinado pola Fundación Didac durante polo menos unha semana. Cada un/unha deles poderá dispoñer do/s espazo/s que poida precisar para desenvolver a súa investigación, o seu proceso de traballo e dun espazo para poder presentar os resultados do seu proxecto.

Tamén terán a obriga de ter un encontro coa cidadanía para explicarlles o seu proceso de traballo. A Fundación DIDAC pola súa parte ofrecerlles reunións e visitas con comisarios, programadores e outros expertos para que poidan coñecer o seu traballo.

A residencia **inclúe viaxes, aloxamento e 1500€ como honorarios e apoio á produción** ademais dun lugar para traballar segundo as necesidades específicas de cada proxecto. Os/as artistas seleccionados/as comprométese a residir en Santiago de Compostela durante un mínimo dunha semana. A Fundación comprométese tamén a presentar as propostas artísticas resultantes deses procesos das residencias no propio espazo da Fundación DIDAC ou noutros importantes espazos de presentación de actividades artísticas, museos, festivais ou outros eventos que garantan a difusión dos proxectos realizados. Os artistas recibirán uns honorarios acordados con cada un dos espazos onde presenten os traballos.

Á finalización do proxecto realizarase un reforzo de prensa cun resumo do que foi a actividade e de posibles futuras convocatorias, sempre dentro do marco de actividades **do Xacobeo**.

Os proxectos deben presentarse antes do **21 de maio de 2021** e as residencias desenvolveránse ata o mes de setembro, en datas acordadas entre os/as artistas e a organización. Un xurado de expertos será o encargado de facer a selección de propostas, atendendo a adecuación ás bases, o interese artístico, a innovación e a viabilidade das propostas. O fallo do xurado será inapelable. Os/as artistas seleccionados terán que aceptar por escrito a concesión desta residencia, en caso de que algún deles non poida desenvolvela nas datas acordadas, haberá proxectos en reserva. As residencias non poderán quedar desertas.

Cada artista ou colectivo deberá cubrir o formulario no que se indican os datos de contacto como correo electrónico, teléfono, lugar de residencia. Deberá incluír un proxecto, explicando nunha páxina os pormenores do motivo da solicitude da residencia e as persoas implicadas, tamén o CV dos/as artistas, unha proposta de accións a realizar coa cidadanía. A extensión máxima da documentación en PDF non debe ser superior a 8 páxinas.

A iniciativa das residencias In situ de artes vivas enmárcase dentro do programa **O teu Xacobeo da Xunta de Galicia**.